



Programa de Prevención de Drogodependencias

“CINENSINO”

**Dirixido ao Ensino Primario
Obrigatorio (EPO)**

Curso 2005-2006

PRESENTACIÓN

O Plan de Galicia sobre Drogas (PGD) en colaboración cos concellos participantes ofértalles aos centros escolares de Galicia a posibilidade de participar nun Programa de Prevención de Drogodependencias deseñado e desenvolvido integramente en Galicia.

O Programa de Prevención de Drogodependencias “CINENSINO” englobase dentro do contexto de Educación para a Saúde e pretende ser un instrumento complementario nesta área e dentro do actual sistema educativo.

Este programa utiliza como soporte base o cinema; mediante a proxección dunha película irase profundando e traballando en diferentes temas de interese relacionados coa prevención do consumo de drogas.

O programa consiste en ver tres películas ao longo do curso escolar e tres módulos principais ou unidades didácticas (un módulo por cada película) a traballar cos alumnos/as.

¿Por que nos centros educativos?

As institucións educativas acollen durante uns anos a práctica totalidade da poboación adolescente, é este sector da poboación o considerado como de maior risco en canto ao inicio do consumo de drogas.

Estas institucións son, ademais, un micromundo social polo que a súa normativa e o funcionamento é xeneralizable a outros contextos.

A escola pode detectar problemas temperáns e orientar cara a alternativas máis adaptativas e enriquecedoras, contando coa participación dunha serie de mediadores sociais moi amplo: pais/nais, profesores/as, alumnos/as, psicólogos/as; así como outros axentes sociais que actúan en conexión co contorno escolar.

¿Por que por medio do cinema?

O cinema axuda a observar, non só vendo, tamén sentindo, fainos críticos e abertos a unha linguaxe máis global. Pode ser considerado como un medio de comunicación, como unha creación artística, como unha fonte de coñecemento, como unha alternativa de ocio e goce..., pero tamén vemos nel unha maneira de ensinar ou de aprender actitudes e comportamentos máis saudables.

Destinatarios:

O programa vai dirixido á poboación escolar de 5º e 6º curso de EPO. Consideramos que a intervención preventiva debe comezar antes de que se establezan patróns de consumo difíciles de cambiar.

Inscricións:

As inscricións dos centros escolares no programa de prevención de drogodependencias “CINENSINO” deberán cubrir contactando co seguinte enderezo:

**ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, S.L.
AVDA. DO CAMIÑO FRANCÉS, Nº4. 1º A
15704. SANTIAGO DE COMPOSTELA
TFNO.: 981– 57.71.42
FAX: 981–57.56.03
CORREO ELECTRÓNICO: cinensino@estinga.com
WEB: www.estinga.com**

AVANCE DA PROGRAMACIÓN PARA O CURSO 2005/2006*

5 CHICOS Y ESTO (89 min.)

(John Stephenson, Reino Unido, 2004)

Cinco nenos son enviados á casa do seu estraño tío durante a guerra; a casa é unha mansión case en ruínas cun tío que esixe silencio absoluto para escribir o seu libro, unha ama de chaves medio tola, e un primo medio tenebroso que ten un laboratorio no soto no que non parece experimentar nada bo. Os rapaces pensan que a súa vida vai ser un inferno durante ese verán, pero pronto descubren na casa unha misteriosa porta que os conduce a unha praia oculta na que coñecen unha fada antiquísima, a fada da area, duns 8000 anos de idade, e que ten un curioso modo de conceder os desexos que se lle piden; só un desexo por día e o desexo só durará un día...

Módulo: Os desexos e as súas consecuencias



VALIANT (109 min.)

(Gary Chapman, Reino Unido, 2005)

Durante a II Guerra Mundial as pombas mensaxeiras convertéronse nunha arma clave das forzas aliadas para o envío de despachos a través das liñas inimigas, a nosa historia relata as peripecias dos membros do Servizo Real de Pombas Mensaxeiras (SRPM) e en especial dun pombiño novo, Valiant, que abraiado pola vida de elite do SRPM, tenta por todos os medios unirse ao grupo e para iso recibe axuda dun pombo tramposo e mentireiro que acaba tamén alistado...

Módulo: O compañeirismo e a superación persoal

EL SUEÑO DE UNA NOCHE DE SAN JUAN (87 min.) (*Ángel de la Cruz y Manolo Gómez, España, 2005*)

Baseada na obra de William Shakespeare, *O Soño dunha noite de verán*, esta película narra a historia de Helena, unha moza nova e intelixente que non cre no mundo das fadas e das lendas. Desesperada pola enfermidade do seu pai, o duque Teseo, inicia unha viaxe en busca da raíña das fadas, Titania, axudada por Demetrio e Lisandro que pretenden acadar o seu amor. Pero o mundo das fadas cambiou moito ao ser esquecido e abandonado polos humanos; o seu rei, Oberón, converteuse nun troubleante que trafica con feitizos por xunto coa colaboración do seu axudante, o renarte Perecho; as fadas volvéronse preguiceiras, as bruxas ambiciosas, a raíña das fadas parece que non quere ser descuberta, en fin, que o mundo máxico xa non é o que era...

Módulo: A fantasía



**Etinga Servicios Sociales. S.L., resérvase o dereito de alterar a programación cando causas alleas á organización así o aconsellen.*